Comunicado número 2:
Asunto: Gran Premio Cantones da Coruña. Trofeo Sergio Vázquez
11 de maio de 2021
Departamento de comunicación da FGA

Chegan as primeiras confirmacións para Cantones 2021

Pouco a pouco, a medida que se achega esa gran data do 5 de xuño na que o Gran Premio Cantones de Marcha Atlética - Trofeo Sergio Vázquez volve ás rúas coruñesas, tras un ano de obrigado parón, chegan as primeiras confirmacións de atletas.

Desde aquela primeira edición na que o mexicano **Ernesto Canto**, xunto ao italiano **Maurizio Damilano** e o sueco **Bo Gustaffson** protagonizaran a icónica imaxe na que os tres marchadores entraban en meta collidos da man, é continúa a presenza de atletas procedentes do continente americano, en especial dos países do sur, pero tamén de México e algúns de Estados Unidos e Canadá.

A menos dun mes e fieis á cita, un elenco importante de participantes teñen confirmado xa a súa asistencia a esta trixésimo cuarta edición, sen dúbida motivados polo destacado historial da proba a nivel mundial e atraídos pola calidade organizativa e competitiva de Cantones. Ademais, a escaseza de probas pola situación COVID fai que moitos acudan coa intención de acadar marcas mínimas que lles permitan estar nos vindeiros Xogos Olímpicos de Tokio, polo que se agarda un excelente nivel de marcas.

Brasil e México, presentes nesta nova edición

De Brasil estarán presentes as súas dous máis importantes marchadoras. Por un lado, **Erika Rocha de Sena** quen fora sétima nos XX.OO de Río e cuarta nos Campionatos do Mundo de Doha-2019 e Londres-2017, e que intentará mellorar o cuarto posto logrado en Cantones no ano 2019. Pola súa banda, a súa compatriota **Caio Bonfin**, cuarta clasificada nos XX.OO de Río 2016 e medalla de bronce no Campionato do Mundo de Londres no 2017 nos 20 km.

Ecuador estará representado polos marchadores **Andrés Chocho** finalista nos 50 km no Campionato do Mundo en Biejing-2015 e na Copa do Mundo de marcha en Roma-2016. De igual modo, a emerxente e prometedora figura Sub23 de **Glenda Morejón**, Campioa do Mundo Sub18 en Nairobi no 2017 e medallista de bronce Sub20 en Tampere (Finlandia) no 2018, estará aportando calidade competitiva na cita urbana e intentando repetir o título que xa acadara na última edición do ano 2019 na que transmitiu unhas excelentes sensacións ao bater o récord continental con 1:25.29 nos 20 km, dobregando ás chinesas **Jiayo Yang** e **Liu Hong**, plusmarquista mundial da distancia,

México xa confirmou a unha das súas figuras emerxentes, **Andrés Eduardo Olivas Núñez**, atleta Sub23 que xa sabe o que é ser sucampión Panamericano Sub20 no ano 2017.

O mítico Raúl González tamén estará en Cantones 2021

Tamén estará na Coruña unha emblemática figura da marcha mundial, realizando tarefas técnicas: o mexicano Raúl González quen lograba a fazaña de facerse con dúas medallas nos Xogos Olímpicos dos Angeles-84, en concreto a de prata nos 20 km. e a de ouro nos 50 km.